Marta Míguez Telle (1 para 2)
Coordinadora Deportiva
Data de Sinatura: 30/09/2019
HASH: ef6b75034c48e7daa319994b6b7c0b23

Mario González Rodríguez (2 para 2)
Xerente do C.M.D
Data de Sinatura: 30/09/2019
HASH: db50c796136a6a3ebcec938539eec938

EXP.: 216/2019

Acta da Comisión sobre a resolución de alegacións e adxudicación definitiva da solicitude, concesión e uso de instalacións deportivas do Consello Municipal de Deportes de Ourense na tempada 2019/20.

Lugar celebración : Sala de xuntas do Consello Municipal de Deportes (CMD)
Data : 27/09/2019
Hora comezo : 08:00
Hora remate : 14:00

Asistentes

Mario González Rodríguez, xerente do CMD.
Marta Míguez Telle, coordinadora de deportes do CMD.

Orde do día

Resolución de alegacións e adxudicación definitiva das instalacións deportivas do Consello Municipal de Deportes de Ourense na tempada 2019/20.

Deliberacións

Procedemos a comunicar as decisións sobre as alegacións achegadas en prazo polos clubs e entidades deportivas en relación á adxudicación provisional das instalacións deportivas municipais.

1. CLUB HOCKEY ALBOR:
   Concédeselle unha hora que queda libre na Carballeira os mércores de 17h a 18.30h.

2. PABELLÓN OURENSE CLUB DE FÚTBOL:
   Mantemos a cesión provisional para respectar as franxas horarias posteriores de 90 minutos, que consideramos óptimas para un adestramento completo e para maior aproveitamento das instalacións.

3. CLUB NATACIÓN SINCRONIZADA OURENSE:
   O horario definitivo para o novo grupo senior é: xoves e venres de 21.45h a 22.45 coincidindo cos adestramentos do CWPO e coas seguintes condicións:

Cod. Validación: AG5FFPEETJ7QK5FAZJKK5ZWX2 | Corrección: http://deportesourense.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 3

- o CSPO debe adaptarse á distribución espacial do CWPO (que xa tiña o espazo concedido con antelación) e, ao igual que o club de waterpolo,
- debe aportarnos os datos do/a socorrista que se vai facer cargo da vixiancia do dito grupo de adestramento de natación sincronizada, que deberá estar capacitado/a e acreditado/a pola AGASP.

4. CLUB DEPORTIVO OURELA:
   Mantemos a cesión provisional para respectar as franxas horarias posteriores de 90 minutos, que consideramos óptimas para un adestramento completo e para maior aproveitamento das instalacións. Os sábados retrasamos media hora o adestramento con respecto ao ano pasado para poder darlles espazo a outro grupo de patinaxe (90 minutos) e quedando, aínda así, unha sesión de 3 horas para o CD Ourela (11h a 14h) que se pode alargar ata as 14.30h se así o desexan.

5. CLUB HOCKEI BARROCÁS:
   Solicitan medio campo os xoves de 20h a 21h e concédese porque o equipo que adestra a esa hora tamén dispón de medio campo.

6. CDC SANTA TERESITA:
   Renuncia os xoves ao polideportivo de Oira de 16h a 17.30h, non sendo posible concederlle horas o mesmo día en horario posterior a este.

7. XUVENTUDE OURENSE FS:
   Concédenselle os seguintes horarios: Carballeira, venres de 16h a 17h; Oira, mércores e xoves de 16h a 17.30h e venres de 19h a 20.30h

8. CLUB XIMNASIA ESCOLA PAVILLÓN:
   Os horarios que solicita quedan reservados para o CMD para atallar as necesidades de servizo que se orixinan debido ás obras do polideportivo da Feira e no pavillón dos Remedios.

9. CLUB VOLEIBOL OURENSE:
   Renuncia ao horario do mércores e mantén o do venres.

10. CLUB OURENSE ATLETISMO:
    Mantén o horario da tempada anterior para a sección de tríatlon na piscina de 25m.

Cod. Validación: AG5FFPEETJ7QK5FAZJKK5ZWX2 | Corrección: http://deportesourense.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 3

11. UNIÓN DEPORTIVA OURENSE:

    Renuncia a todas as horas concedidas no campo de fútbol 11 de Oira agás medio campo os venres de 21h a 22.30h. Concédeselle campo completo en Santa Cruz de Arrabaldo os xoves no mesmo horario para o equipo de terceira división.

    Unha vez presentadas as alegacións por parte dos clubs e entidades deportivas solicitantes, e tras unha segunda análise e estudo en función da dispoñibilidade de cada instalación, e logo da aplicación dos criterios aprobados polo Consello Reitor e tomando como criterios vertebradores do procedemento os artigos 21 e 22 do Regulamento de Utilización das Instalacións Deportivas Municipais, procédese a informar en cuadrantes anexos da resolución definitiva de cesión e uso de instalacións deportivas municipais (IDM) para a Tempada 2019/20, á espera da formalización de convenio para a concesión dos horarios de adestramento con cada club e/ou entidade deportiva.

Non habendo máis temas que tratar, remata a reunión ás 14:00h.

Ourense, na data da sinatura electrónica.

A coordinadora de deportes do CMD

O xerente do CMD

Cod. Validación: AG5FFPEETJ7QK5FAZJKK5ZWX2 | Corrección: http://deportesourense.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3